

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2017

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/400/2016.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder licenza para obras de mellora de eficiencia enerxética da fachada oeste do Pazo de Raxoi.

**LIC/96/2013.- FRANCISCO AVELINO MALLÓN VILAS.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de reforma integral dun edificio para catro vivendas e edificación anexa sito na rúa Hortas nº 36.

**LIC/1545/2016.- DIEGO CAMBEIRO FORMOSO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Costa Vedor (do), 24.

**LIC/513/2017.- XURXO SUÁREZ NOVOA.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en rúa Pedrerías (das), 5.

#### DESFAVORABLE.-

**LIC/953/2016.- LUIS PEÓN RAVIÑA.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 29 de setembro de 2017, de denegación de legalización de marquesiña agrícola sita na rúa da Foxeira, 5 – Marrozos.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para obras de mellora de eficiencia enerxética da fachada oeste do Pazo de Raxoi. LIC/400/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de reforma integral dun edificio para catro vivendas e edificación anexa sito na rúa Hortas nº 36. LIC/96/2013.-** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Costa Vedor (do), 24. LIC/1545/2016.-** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en rúa Pedrerías (das), 5. LIC/513/2017.-**Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo de data 29 de setembro de 2017, de denegación de legalización de marquesiña agrícola sita na rúa da Foxeira, 5 - Marrozos. LIC/953/2016.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a informar favorablemente a solicitude perante a Xunta de Galicia da Asociación Hostelería Compostela de ampliación de horario de peche nunha hora dos establecementos, por mor das festas de Nadal.** Acórdase informar favorablemente a ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos, coincidindo coas seguintes datas de interese nas festas do Nadal: 22, 23, 24, 29, 30 e 31 de decembro de 2017; e 5 e 6 de xaneiro de 2018.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do P-39 Casas do Rego.** Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización do polígono 39 do PXOM, e acórdase someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á redacción dun proxecto modificado das obras de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal de San Lázaro, segundo estudo integral de patoloxías (fase I e II), e ampliación do prazo de execución .** Autorízase a redacción do proxecto modificado, o que implicará a suspensión das partidas de obra afectadas e ampliar o prazo de execución das mesas por un período de dous meses, de xeito que a nova data de finalización dos traballos será o 23 de febreiro de 2018.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente das obras de reurbanización da rúa das Cancelas no contorno da Subestación Eléctrica, aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente ds Obras de reurbanización da rúa das Cancelas no contorno da subestación eléctrica e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 201.704,4 euros, IVE incluído.

**11.- Proposta da concellería delegada de Mercados relativa ao convenio de colaboración con MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO S.COOP. G. para a dinamización da Praza de Abastos no ano 2017.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB SANTIAGO ATLETISMO para 2017.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Tenis de Mesa para o desenvolvemento da eliminatoria da "Liga europea de Naciones de tenis de mesa".** Apróbase a proposta.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Reordenación do viario municipal", a efectos da tramitación da súa aprobación perante á autoridade de xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.** Acórdase seleccionar a operación "Reordenación do Viario Estruturante Municipal" a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación perante a Autoridade de Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible do Ministerio de Facenda. O orzamento total da operación é de 200.000 euros, dos que 160.000 procederán de fondos FEDER e os 40.000 euros restantes serán fondos propios do Concello. A operación contempla os seguintes contratos:

- Redacción do proxecto básico e de execución e de seguridade e saúde da reordenación da rúa de Clara Campoamor e rotondas e espazos libres adxacentes.
- Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de reordenación da rúa de Clara Campoamor e rotondas e espazos libres adxacentes.
- Redacción do anteprojecto ou proxecto básico de reordenación da Avenida de Lugo nas confluencias das rúas de Ramón Piñeiro, Bernardo Barreiro, Clara Campoamor e novos accesos á plataforma norte da Estación Intermodal.
- Redacción do proxecto básico para a reordenación das rúas do Restollal e de Amor Ruibal, incluídas as rotondas do Castiñeiriño e Galuresa e as interseccións viarias adxacentes.

- Redacción do proxecto básico de reordenación das avenidas de Santiago de Cuba (SC-11) e Antonio Fraguas (SC-20) entre as rotondas do Castiñeiriño, Conxo e A Galuresa
- Redacción do anteproxecto para a reordenación da avenida do Cruceiro da Coruña e a avenida de Rodrigo de Viguri, entre o enlace cos accesos ao Polígono do Tambre e o Cruce con Concheiros

**15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Actuación nas rúas Batalla de Clavijo e anexas", a efectos da tramitación da súa aprobación perante á autoridade de xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.** Acórdase seleccionar a operación "Actuación nas rúas Batalla de Clavijo e anexas", a efectos da tramitación da súa aprobación perante á autoridade de xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible do Ministerio de Facenda. A operación ten un custo de 565.969,07 euros para a FASE I (que é para a que se solicita o cofinanciamento con fondos FEDER), 483.477,80 euros para a Fase II, e de 26.732,53 euros para gastos previos xa contratados/abonados.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional 2017.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 6.208 euros

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e o Seminario Galego para a Paz 2017.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 2.000 euros

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á aprobación do expediente do servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía (Reservado a centros especiais de emprego e a empresas de inserción D.A. 5ª do TRLCSP), aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 64.637,12 euros, IVE incluído.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento, e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación da solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención para a rehabilitación da Casa das Máquinas.** Apróbase a solicitude á Deputación dunha subvención para a rehabilitación da Casa das Máquinas. O importe base de licitación ascende a 252.056,73, IVE engadido. A subvención que se solicita é de 201.645,38 euros, equivalente ao 80% do orzamento.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, relativa á aprobación do Convenio coa Universidade de Santiago-Programa Universitario para Maiores IV Ciclo.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 1.000 euros.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a Real Federación Española de Karate para a organización en Santiago do Campionato de España de karate de categorías cadete, júnior e sub-21.** Autorízase a realización do Campionato de España de Karate previsto para os días 17 18 de novembro, así como os gastos necesarios para o seu desenvolvemento, que ascenden a 33.838,53 euros

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativo á aprobación do programa municipal de conciliación de Nadal.** Apróbase a memoria do programa municipal de conciliación de Nadal , que terá lugar os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro e o 2, 3, 4 3 5 de xaneiro nas instalacións do CEIP as Fontiñas e do Raíña Fabiola. Apróbanse os prezos públicos das actividades, así como a aplicación dun desconto do 20% para familias numerosas, familias monoparentais ou para cando sexan dous irmáns os que participan no programa; e dun desconto do 50% ou do 100% para familias con escasos recursos.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á convalidación da solicitude de subvención do Fondo Social Europeo,**

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
[prensa@santiagodecompostela.org](mailto:prensa@santiagodecompostela.org)

**previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, á Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais para a posta en marcha do Plan Xuvenil “Impulsa”.** Acórdase convalidar a solicitude de subvención e apróbase o compromiso de habilitar crédito na anualidade de 2018 para cubrir o cofinanciamento por parte do Concello de Santiago do Plan Xuvenil Impulsa por un importe total de 46.473,34 euros.